

## **ORDENANZA FISCAL Núm. 28**

### **REGULADORADA TAXA POLA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN EN PROBAS DE SELECCIÓN DO PERSOAL**

#### **Artigo 1**

De conformidade co disposto no art. 20 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, este Concello establece a taxa pola solicitude de participación en probas de selección do persoal, que se ha rexer pola presente ordenanza.

#### **Feito imponible**

#### **Artigo 2**

Constitúe o feito imponible desta taxa a actividade dirixida á convocatoria e ó desenvolvemento dos procedementos de selección do persoal.

#### **Suxeito pasivo**

#### **Artigo 3**

Serán suxeitos pasivos todas as persoas que, cubrindo o impreso correspondente, soliciten concorrer a eses procedementos selectivos. Serán responsables subsidiarios ou solidarios os que determine a lei.

#### **Beneficios fiscais**

#### **Artigo 4**

Poderase eximir do pagamento desta taxa atendendo á situación económica do suxeito pasivo. En todo caso, corresponderá ás bases da proba selectiva a aplicación da exención. Así mesmo, poderá fixarse nas bases un importe inferior ó que fixa a presente ordenanza que terá, en todo caso, o carácter de importe máximo.

#### **Nacemento da obriga de pagamento**

#### **Artigo 5**

O devengo da taxa ben determinado pola solicitude presentada pola persoa interesada, ou quen a represente, para participar na proba selectiva, quedando suxeita a mesma ao réxime de autoliquidacións asistida."

#### **Tarifas**

#### **Artigo 6**

A contía da taxa, de acordo co grupo de persoal ó que correspondan as prazas ás que se aspire:

GRUPO	PREZO (€)
Grupo A1	57,55
Grupo A2	40,33
Grupo B	37,00
Grupo C1	34,54
Grupo C2	28,82
Agrupación profesional	25,37

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

A redacción da presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP), comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2011 e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.